

Primaria

APRENDER É CRECER

XUNTOS 1

Programación

Unidade 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

O gatiño Micifú.

Descrición da unidade

A unidade inicial do curso pretende ser un repaso e unha posta en común dos coñecementos que os nenos e nenas deberán ter adquirido despois de pasar pola etapa de Educación Infantil.

Esta unidade é máis breve que as seguintes e trata das dependencias do colexio, as partes do corpo e da cara, a comprensión dun breve poema e a fixación das vogais.

As actividades que se propoñen para esta unidade permitiránlle ao profesor observar como os seus alumnos e alumnas rodean, subraian, unen, escriben, colorean, debuxan,... e así saber, en cada momento, o nivel en que se atopan e o grao de habilidades co que comezan o novo curso.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os seguintes coñecementos:

- Ler as vogais.
- Escribir as vogais.
- Falar das súas rutinas habituais e aprender un xogo de roda.

Temporalización:

Setembro: Outubro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

LINGUA

- escoitar e comprender un sinxelo poema oral.
- Ler con fluidez e pronunciando correctamente palabras formadas coas vogais.
- Escribir con corrección as vogais e grupos de vogais.
- Completar palabras coas vogais estudadas.
- Expresar oralmente as súas rutinas e aprender unha cantiga de roda.

CIENCIAS DA NATUREZA

- Coñecer as principais partes do corpo humano e da cara.

CIENCIAS SOCIAIS

- Identificar as distintas dependencias do colexio.
- Coñecer e valorar os distintos traballos que se realizan no colexio.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

LINGUA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Lectura. <ul style="list-style-type: none"> - Poema: <i>O gatiño Micifú</i>. - Comprensión da lectura. • As letras: as vogais. • Obradoiro de escritura. • Tarefa. • O horario e os xogos tradicionais. 	1. escoitar e comprender poemas sinxelos.	1.1. escoita e comprende poemas sinxelos. 1.2. Recoñece e vincula os sentidos e as partes do corpo que suxire o poema coas imaxes. 1.3. Recoñece visualmente os elementos que aparecen no poema ou están ilustrados para el.
	2. Recoñecer auditivamente as vogais	2.1. Recoñece a vogal que inicia as palabras que se indican. 2.2. Pronuncia con corrección a vogal estudada.
	3. Ler con fluidez e pronunciando correctamente vogais e palabras formadas coas vogais	3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras formadas coas vogais.
	4. Escribir con corrección vogais e palabras formadas con elas.	4.1. Escribe con corrección palabras formadas coas vogais en maiúscula e en minúscula.
	5. Ler e asociar sons onomatopéicos formados por vogais.	5.1. Le e asocia correctamente sons onomatopéicos formados por unha ou dúas vogais.
	6. Completar palabras.	6.1. Completa palabras deducido as palabras que faltan.
	7. Escribir con caligrafía correcta.	7.1. Escribe con boa caligrafía as vogais e grupos de vogais.
	8. Observar o horario da xornada escolar	8.1. Observa e fala do horario da xornada escolar vendo se os costumes se axustan aos que mostran as ilustracións
	9. Xogar con pezas orais tradicionais.	9.1. Xoga con cantos tradicionais de roda.

CIENCIAS DA NATUREZA

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • O corpo humano. Partes do corpo. • Iniciación á actividade científica. 	1. Coñecer as principais partes do corpo e da cara.	1.1. Nomea partes do corpo e da cara. 1.2. Manifesta condutas de aceptación do seu corpo e do dos demais.
	2. Obter información relevante sobre o corpo humano, integrando datos de observación directa e indirecta.	2.1. Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, como facer preguntas para obter información, pedir aclaracións...

CIENCIAS SOCIAIS

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Os grupos sociais máis próximos: o colexio; organización escolar, a clase, os compañeiros, o material escolar, espazos físicos. • Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. 	1. Recoñecer a pertenza a certos grupos sociais (escola), apreciando as características e trazos propios.	1.1. Séntese parte do colexio. 1.2. Identifica as distintas dependencias do colexio e os materiais propios de cada unha.
	2. Entender as tarefas e responsabilidades básicas dos membros da comunidade educativa.	2.1. Coñece as tarefas que desempeñan as persoas que traballan no colexio.
	3. Participar en actividades de grupo, respectando os principios básicos de convivencia.	3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na clase e no colexio. 3.2. Participa nas actividades de grupo do colexio respectando as normas.
	4. Coñecer e utilizar estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	4.1. Esfórzase e é responsable e constante no traballo.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

LINGUA

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita e comprende poemas sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> • Audición do poema <i>O gatiño Micifú</i> vinculado á páxina inicial. • Actividades do LD sobre o poema que inicia a unidade.
1.2. Recoñece e vincula os sentidos e as partes do corpo que suxire o poema coas imaxes.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade da epígrafe “Comprendo a lectura” para relacionar sentidos e partes do corpo co contido do poema. • Aprendizaxe da canción popular da PD: <i>Este ollión pimpilín</i> para recordar as partes da cara. • Xogo coas adiviñas recollidas nos recursos da PD. • Aprendizaxe do xogo <i>Este foi ao monte...</i> para xogar cos dedos da man recollido na PD
1.3. Recoñece visualmente os elementos que aparecen no poema ou están ilustrados para el.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de “Intelixencia visual” do LA para identificar os elementos presentes na lámina inicial. • Actividades da PD para completar o traballo sobre a lámina inicial. • Actividades do LD sobre o poema e vinculadas á intelixencia visual-espacial.
2.1. Recoñece a vogal que inicia as palabras que se indican.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades de lectoescritura, xogos, e inicio da actividade de aprendizaxe cooperativa da PD. • Actividades do LD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
2.2. Pronuncia con corrección a vogal estudada.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades de lectoescritura, xogos, e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD. • Actividades do LD.

3.1. Le con fluidez e pronunciando correctamente palabras formadas coas vogais.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades de lectoescritura, xogos, e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
4.1. Escribe con corrección palabras formadas coas vogais en maiúscula e en minúscula.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades de lectoescritura, xogos, e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A).
5.1. Le e asocia correctamente sons onomatopéicos formados por unha ou dúas vogais.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Xogos e poemas da PD. • Actividades do “Obradoiro de escritura” do LA.
6.1. Completa palabras deducido as palabras que faltan.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades do “Obradoiro de escritura” do LA • Actividades do LD para completar palabras coas vogais. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). • Ampliación de contidos cos retrosos de xogos populares que se inclúen na PD: <i>Dedín, dedín... Paxariño rechinchiño...</i>
7.1. Escribe con boa caligrafía as vogais e grupos de vogais.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de lectoescritura do LA. • Actividades de lectoescritura, xogos, e actividade de aprendizaxe cooperativa da PD. • Actividades de reforzo (R) e ampliación (A). • Actividades do “Obradoiro de escritura” do LA
8.1. Observa e fala do horario da xornada escolar vendo se os costumes se axustan aos que mostran as ilustracións.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade de observación e posta en común oralmente sobre os hábitos diarios.
9.1. Xoga con cantos tradicionais de roda.	<ul style="list-style-type: none"> • Xogo de roda e canto asociado proposto no LA. • Xogos tradicionais recuperados na PD con cantos para xogar: xogos de parellas (<i>Sei amasar, Serra, serra</i>) e xogo de danza (<i>Pasa Perico</i>). • Karaoke proposto no LD co canto de roda: <i>A roda da pataca</i>.

CIENCIAS DA NATUREZA

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Nomea partes do corpo e da cara.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF. • Xogos e actividades propostas na PD.
1.2. Manifesta condutas de aceptación do seu corpo e do dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> • Xogos e actividades propostas na PD.
2.1. Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, como facer preguntas para obter información, pedir aclaracións....	<ul style="list-style-type: none"> • Xogos e actividades propostas na PD. • Actividades de Aprendizaxe cooperativa propostas na PD.

CIENCIAS SOCIAIS

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Séntese parte do colexio.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD.
1.2. Identifica as distintas dependencias do colexio e os materiais propios de cada unha.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF. • Xogos e actividades propostas na PD.
2.1. Coñece as tarefas que desempeñan as persoas que traballan no colexio.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de ampliación dos RF. • Xogos e actividades propostas na PD.
3.1. Respecta as normas de convivencia establecidas na clase e no colexio.	<ul style="list-style-type: none"> • Xogos e actividades propostas na PD. • Actividades de Aprendizaxe cooperativa propostas na PD.
3.2. Participa nas actividades de grupo do colexio respectando as normas.	<ul style="list-style-type: none"> • Xogos e actividades propostas na PD. • Actividades de Aprendizaxe cooperativa propostas na PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o poema da lectura inicial.	Comprende o texto e realiza as actividades de comprensión asociadas.
	Utilizar o vocabulario sobre as partes do corpo que se infire do poema inicial.	Aprende e emprega o vocabulario do corpo.
	Seguir as indicacións escribir con boa caligrafía as vogais estudadas.	É coidadoso na realización das actividades de copia e caligrafía.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar os recursos dixitais asociados á unidade.	Comprende, utiliza e aproveita os recursos dixitais asociados a unidade, realizando as actividades do libro dixital e atendendo aos audios do CD audio.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Utilizar a observación, a manipulación e a exploración para acadar as aprendizaxes.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Intelixencia visual-espacial.	Observa as viñetas do conto e relaciona as imaxes coas partes do corpo.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Adquirir hábitos de traballo.	Realiza as actividades do libro e as que lle indica o profesor de forma habitual.
	Participar nas dinámicas e xogos de grupo.	Aprende a cantiga do xogo de roda e cántaa cos compañeiros.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aceptar e practicar normas básicas de conduta.	Aprende as normas básicas de conduta na clase.
	Respectar as opinións alleas.	Escoita as opinións dos demais.
	Respectar as quendas de palabra.	Respecta a quenda de palabra, nunha fila, etc.
	<i>Educación en valores:</i> Responsabilidade, respecto e paciencia.	Coida a presentación as tarefas e o material propio, o dos demais e o da clase. Escoita con atención cando lle falan e esforzase por aprender.

<p><i>Conciencia e expresións culturais.</i></p>	<p>Aprender e recoñecer cantigas de xogos propias do patrimonio popular galego.</p>	<p>Descubre e xoga coas cancións populares de roda. Aprende algún retrouso ou enleado que lle permita aumentar a súa bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega</p>
--	---	---

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Gozamos coa lectura do poema “O gatiño Micifú”

- Lemos o poema «O gatiño Micifú» e observamos as viñeta da páxina inicial.
- Seguimos as suxestións metodolóxicas da PD facéndolles preguntas previas sobre as imaxes.
- Lemos o poema ou escoitamos o audio no CD; tamén podemos activar a animación do LD
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Realizamos as actividades, para ampliar os contidos, da PD: xogos, adiviñas, retrosos... facendo especial fincapé en que os nenos e nenas aprendan das partes do corpo cos nomes galegos para evitar, xa desde idades temperás, o problema de contacto entre as dúas linguas que se falan na nosa comunidade.

Tarefa 2: Coñecemos as partes do corpo e da cara.

- Observamos o mural *O corpo e os sentidos* coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias da PD.
- Completamos con actividades interactivas do LD.

Tarefa 3: Aprendemos as letras

- Coñecemos as vogais coas diferentes actividades de discriminación visual, auditiva, expresión oral e escrita do LA.
- Realizamos as actividades do LD
- Realizamos as actividades da PD, relacionadas co tema principal da unidade (O corpo humano) e baseadas en xogos e retrosos populares e actividades de aprendizaxe cooperativa.
- Iniciamos a tarefa de aprendizaxe cooperativa para realizar unha caixa-vocabulario.

Tarefa 4: Coñecemos as dependencias do colexio e as persoas que traballan nel.

- Observamos o mural *O colexio* coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA.
- Realizamos actividades complementarias e xogos da PD.
- Completamos coa ficha de reforzo e a de ampliación dos RF de Ciencias.

Tarefa 5: Os horarios e os xogos no recreo.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD para estes contidos.
- Realizamos as tarefas do LA.
- Ampliamos os contidos cos recursos da PD: novos xogos para o recreo e actividades.
- Realizamos a actividade do LD. prender o canto de roda, *A roda da pataca*.

Tarefa 6: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso do LA.
- Realizamos as actividades de repaso complementarias da PD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Utilización da lámina inicial da unidade para a detección de ideas previas e presentación de contidos.
- Audición das lecturas correspondentes do CD e emprego do libro dixital para realizar as actividades como elementos motivadores.
- Traballo en gran grupo, con actividades, diálogos, xogos que potencien o intercambio de opinións e a aprendizaxe entre iguais.
- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Traballo en grupo cooperativo: agrupar os alumnos en grupos de 3 ou 4 e empregar as estruturas de aprendizaxe cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Avaliación e traballo coas destrezas adquiridas no ciclo anterior: riscar, repasar, colorear, unir, escribir en pauta, copiar...
- Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Interiorización da utilidade da linguaxe escrita na vida diaria a través de textos sinxelos.

8. RECURSOS

- Cadernos complementarios. Este proxecto ofrece varios cadernos complementarios de **Aprendo a ler, Aprendo a escribir**
- Recursos fotocopiáveis da Proposta Didáctica. Para esta unidade podemos atopar recursos fotocopiáveis de Reforzo, Ampliación e Comprensión lectora nos Recursos fotocopiáveis.
- Murais da unidade: *O corpo e os sentidos*, e *O colexio*.

Recursos dixitais

- Libro dixital. Os alumnos e alumnas poderán reforzar os contidos estudados a través do libro dixital. Nel ofrécese a versión en audio do poema ademais de actividades interactivas.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- A continuación recóllense algúns enlaces web de interese:
 - <http://anayadigital.es>
 - <http://www.orellapendella.org> Esta páxina web recolle infinidade de cantares, enleados, ditos e retrousos populares. Moi ben organizada e con constantes actualizacións.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de Avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos Recursos fotocopiáveis).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades observo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais observo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos acadaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o vindeiro curso? Por que?